



RÍO NAVIA-DONCOS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



Ao subir e ao baixar pola estrada entre as Nogais e Pedrafita vimos tantas veces, á altura de Doncos, a verticalidade solitaria da torre que vivía o decorrer do río Navia (agora non se ve ao circular pola autovía) que hai uns días decidimos facerlle unha visita, achegarnos para ver de preto o lugar e a súa contorna.

PERCORRIDO:

Desde as Nogais subimos, pola estrada, cara a Pedrafita ata chegarmos, ao pé dun sinal de estrada que indica o remate da localidade de Doncos, onde se atopa un desvío, á esquerda, que, por debaixo da autovía nos leva ao lugar; collémolo, pero antes de pasar debaixo da autovía torcemos cara á esquerda e logo volvemos a desviarnos para pasar por debaixo da estrada e deixar o coche. Comezamos a ruta polo camiño que baixa á esquerda, a uns trescentos metros atopamos un desvío á dereita polo que continuamos baixando ata chegar ao río, ao pé do que temos o Muíño da Veiga cunha ampla balsa e dúas moas; cruzamos pola ponte e continuamos camiñando entre castiñeiros, rebolos e abeleiras levando abaixo o soar do río, atrancado cada pouco para sacar as levadas dos muíños e para regar os prados, ata que o camiño se bifurca, aquí collemos o da dereita, sinalado cunha baliza, máis adiante o camiño volve a dividirse pero nós seguimos polo que mantén o nivel, o da esquerda, ata chegar ao seu remate, ao pé dunha construción desde onde vemos xa a torre; desde aquí un carreiro que rodea o prado lévanos a ela, aos poucos restos da edificación que a rodeaba e ao camiño de acceso que baixa polo lado contrario ao que chegamos e polo que se pode continuar a ruta, que cruza o río máis adiante para subir, por unha forte pendente, á estrada que aínda que agora só soporta o tráfico local e algún “turista” despistado non é un lugar agradable para camiñar. Por iso volvemos polo mesmo camiño da ida para completar uns catro km de camiñada e ocupar, entre o traxecto e a visita, un par de horas.



Torre de Doncos ou Fortaleza de Santo Agostiño. Torre defensiva de época medieval. Vinculado aos Valcarce. Construída na segunda metade do século XV e abandonada no ano 1603.



Muíño da Veiga e río Navia



Ponla de rebolo

